

AUGAS RESIDUAIS DEPURACIÓN QUE IMITA A NATUREZA

O pasado mes de xullo inaugurouse unha depuradora piloto de augas residuais domésticas e urbanas, baseada na tecnoloxía de humedais ou depuración mediante plantas. Este proxecto está promovido por ADEGA, conta cun financiamento da fundación "La Caixa" e sitúase na EDAR da Silvouta de Santiago de Compostela. Colaboran no mesmo o Concello, a empresa Aquagest e a Universidade da Coruña.

O proxecto de ADEGA conta cunha vertente tecnolóxica e outra educativa, e busca o desenvolvemento de tecnoloxías sustentabeis e de baixo custo para a depuración de augas residuais.

A planta experimental ocupa uns 150 m² e permitirá a depuración das augas residuais dunha poboación de cerca de 100 habitantes, neste caso procedentes dun núcleo rural de Santiago de Compostela. Presenta a modo de pretratamento un dixestor anaerobio, onde se degrada a materia orgánica en ausencia de aire. A zona húmida artificial consiste en dúas pequenas balsas recheas de xisto, a través do cal circula e se depura a auga, agora por procesos mixtos aerobio-anaerobio e coa axuda

de xuncos, vexetación típica de zonas húmidas.

O sistema convirtese nunha alternativa viábel aos tratamentos tradicionais (depuradoras compactas) para o rural e núcleos de poboación de até 2000 habitantes. Destacan polo seu baixo custo, tanto enerxético como constructivo, así como o seu fácil manexo, ao non requirir de persoal cualificado, e a non xeración de lodos.

PROXECTO EDUCATIVO

Este proxecto ten así mesmo unha raíz educativa. Enmarcase no Programa de Educación Ambiental que está a desenvolver ADEGA nesta cidade, onde a auga e as problemáticas asociadas a ela

(contaminación, mala xestión, limitación, etc), teñen un papel salientábel (ver Proxecto Rios, cerna nº 43).

O Proxecto educativo baséase na utilización desta planta experimental como un equipamento de educación ambiental ao que a cidadanía poderá achegarse, para coñecer as problemáticas asociadas as augas residuais, así como coñecer alternativas de tratamento, en concreto as baseadas na tecnoloxía de humedais.

Esta planta estará operativa durante dous anos, e realizaranse visitas e charlas informativas, nas que se explicará o seu funcionamento, como recurso complementario ás visitas da ETAP e EDAR da cidade.




Ramóns Pérez



Ramóns Pérez

Depuración natural e sustentábel de augas residuais



Se tes interese en visitar as instalacións ou nunha charla explicativa, contacta con nós:

Educación Ambiental
Depuración sustentábel
www.adegagaliza.org
teléfono: 616 238 050
Fax: 981 570 000

